

## A privatización do Sergas

Escrito por Pablo Vaamonde  
Sábado, 08 Marzo 2014 01:46

---



O Servizo Galego de Saúde (Sergas) ten, para o ano 2014, un **orçamento** de 3.326 millóns de euros, que é **case**

**400 millóns máis baixo que en 2010**

. As externalizacións e os concertos con centros privados aumentaron de forma extraordinaria; representan xa preto do 50% do presuposto total xunto co gasto en farmacia e material sanitario, que segue a ser moi elevado (1335 millóns de euros). O

**descenso**

orxamentario afecta sobre todo ao

**gasto en persoal**

(pola destrución de prazas e a redución salarial, descende un 14% respecto a 2010 e representa o 44% do total). Con tanto gasto comprometido para a actividade privatizada e a factura das farmacias,

**o Sergas só dispón do 5% do presuposto para todo o demais**

(obras, dotación, equipamento, funcionamento etc.), a todas luces insuficiente. Os actuais gobernantes levaron a situación a tal extremo que o Sergas ten cegada toda posibilidade de investimento e mellora, situación terrible para calquera organización que queira ser punteira.

A Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública ( [AGDSP](#) ) ven de facer público un excelente **informe [1]** no

que deixa ben ás claras a

[estratexia privatizadora](#)

impulsada polo PP en Galicia. A forma de actuar é a mesma que empregan no ámbito educativo:

**recortan**

os orzamentos, reducen o persoal e

**desprestixian**

o seu traballo, e despois

**ceden a empresas privadas**

## A privatización do Sergas

Escrito por Pablo Vaamonde  
Sábado, 08 Marzo 2014 01:46

---

o labor que viñan realizando os empregados públicos. Núñez Feijóo, experto privatizador (a nefasta experiencia das Fundacións Sanitarias e a privatización de Correos figuran no seu currículo), impulsou esta liña de actuación desde o primeiro día en Monte Pío. A

[folla de ruta](#)

é ben clara:

**fragmentan**

a sanidade pública en diversas áreas de actividade para proceder logo á súa privatización.

Deste xeito

**destrúen postos de traballo**

e

**descapitalizan**

os centros públicos; non garanten unha mellor calidade na prestación pero sí que provocan, en todos os casos, un maior custe económico. Neste estudo destacan, pola súa repercusión negativa para o futuro,

[a privatización de  
alta tecnoloxía](#)

[2]

(mediante a curiosa figura legal chamada “socio tecnolóxico”) que queda en mans das propias empresas subministradoras, e serán as que decidan que tecnoloxía se implementa e onde se sitúa: aumentará o gasto e o

[uso excesivo e inadecuado](#)

destes recursos, como se demostrou noutros estudos

[3]

. Tamén é unha substracción moi relevante a entrega a mans privadas

**da docencia, a formación e a avaliación de tecnoloxías;**

o sistema público perde o control dunha área fundamental: a investigación e o coñecemento que permiten construír o futuro.

**Con esta táctica o PP entregou xa a mans privadas parcelas moi amplias dos centros sanitarios:** o servizo de ambulancias, as telecomunicacións do Sergas, o almacenamento e suministro de material, o mantemento dos equipos sanitarios, a historia clínica (lanus) e a receita electrónica, a central de chamadas (que presta un servizo penoso), a alta tecnoloxía etc. Agora pretenden privatizar [os servizos de esterilización](#) [4] de todos os centros sanitarios de Galicia, unha decisión de alto risco e que pode deixar sen traballo a preto de douscentos profesionais. O citado documento, que cómpre ler polo miúdo, revela cales son as **empresas beneficiadas**

polas privatizacións, sinala os numerosos

**conflitos de interese**

existentes nas decisións políticas e destapa o papel cómplice das empresas

**consultoras**

neste acelerado proceso privatizador, e os seus vínculos co entorno do partido gobernante.

## A privatización do Sergas

Escrito por Pablo Vaamonde  
Sábado, 08 Marzo 2014 01:46

---

A ADSPG remata o seu escrito facendo un chamamento: "**Hai que parar este [desmantelamento](#) ilegítimo e seguramente ilegal do noso Servizo Galego de Saúde**

". Se non somos capaces de frear esta estratexia privatizadora, no futuro será moi difícil recuperar a titularidade pública dos servizos privatizados. Cómpre actuar xa, sen máis demora.

<http://pablovaamonde.blogspot.com.es/>

---

[1] [\[1\] <http://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=5&ved=0CEoQFjAE&url=http%3A%2F%2Fgalicia.satse.es%2Fcontent%2Fdownload%2F209722%2F1756844%2Ffile%2FA%2520privatizaci%25C3%25B3nn%2520ilex%25C3%25ADtima%2520do%2520Servicio%2520Galego%2520de%2520sa%25C3%25BAde.pdf&ei=cNgUU5LWBdOS7AbypoDAAg&usg=AFQjCNGaVlyUUaF5PqxX871LRUZVjMroAg&bvm=bv.61965928>,d.ZGU](http://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=5&ved=0CEoQFjAE&url=http%3A%2F%2Fgalicia.satse.es%2Fcontent%2Fdownload%2F209722%2F1756844%2Ffile%2FA%2520privatizaci%25C3%25B3nn%2520ilex%25C3%25ADtima%2520do%2520Servicio%2520Galego%2520de%2520sa%25C3%25BAde.pdf&ei=cNgUU5LWBdOS7AbypoDAAg&usg=AFQjCNGaVlyUUaF5PqxX871LRUZVjMroAg&bvm=bv.61965928)

[2] <http://www.nuevatribuna.es/articulo/sanidad/privatizacion-gestion-alta-tecnologia-sanitaria-galicia/20131007164818097114.html>

[3] <http://www.nuevatribuna.es/opinion/luisa-lores/sobreutilizacion-tecnologica-riesgo-salud/20130528124822092711.html>

[4] [http://ccaa.elpais.com/ccaa/2014/01/11/galicia/1389463670\\_644944.html](http://ccaa.elpais.com/ccaa/2014/01/11/galicia/1389463670_644944.html)

{attachments}